



COSTA DA CORUÑA

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2018



Distancia: 25 km (lineal, en coche) + camiñadas

Dificultade: baixa



- 1-Ría da Coruña
- 2-Ría do Burgo
- 3-A Pasaxe
- 4-Praia de Oza
- 5-Dársena de Oza
- 6-Porto da Coruña
- 7-A Mariña
- 8-Castelo de Santo Antón
- 9-Porto deportivo e Torre de Control Marítimo
- 10-Praia de Santo Amaro
- 11-Punta Durmideiras
- 12-Punta Pragueira
- 13-Cabalo das Pradeiras
- 14-O Acaroado
- 15-O Altar
- 16-Punta Herminia
- 17-Punta Robaleira. A Galera
- 18-Punta Eiras. Torre de Hércules
- 19-Illotes Bois
- 20-Praia da Lagoa (Lapas)
- 21-Punta de Orzán. Acuario.
- 22-Praia do Matadoiro
- 23-Praia de Orzán
- 24-Praia de Riazor
- 25-Punta das Cortadas
- 26-Punta Mexillosa
- 27-O Cabalo
- 28-Punta Pena Boa
- 29-Punta Paredes. Illa A Zambela
- 30-O Carreiro
- 31-Illas de San Pedro
- 32-O Portiño de S. Pedro de Visma
- 33-A Moa
- 34-Illa Redonda
- 35-Punta do Burro. Monte Picoto
- 36-Praia de Bens
- 37-Monte dos Castelos (Nostián)

O concello da Coruña ten unha costa moi recortada e variada, parte na ría, onde se atopa o porto da cidade, e parte en mar aberto onde se suceden cantís e fermosas praias como as de Orzán e Riazor.

Os espazos de interese natural están ligados á costa, que, aínda que está moi ocupada e humanizada, conserva lugares con todo o seu encanto nos que facer rutas de sendeirismo. Acolle un importante patrimonio histórico artístico: o casco da Cidade Vella, a torre de Hércules, o castelo de San Antón, museos, conxuntos escultóricos...

Propoñemos un percorrido en coche desde a Ponte de Pasaxe ata Punta da Illa Redonda, co mar como guía e fio conductor pero non como único protagonista; o mar manso da ría e da dársena, e o mar aberto da costa exterior.



Vista da Ría da Coruña desde a punta de Mera

PERCORRIDO

Comezamos na **ponte da Pasaxe**, sobre a **ría do Burgo** e collemos a vía máis próxima á costa, onde podemos desviarnos, á altura do Hospital Teresa Herrera para ver a ría, a **praia de Santa Cristina** e a **costa das Xuvias**. De volta na estrada collemos, un pouco máis adiante o desvío a **Oza** para ver o porto e a praia. Seguimos pola beira do porto ata os **Xardíns de Méndez Núñez** e **A Mariña**, onde podemos coñecer os xardíns e os edificios con galería que compoñen unha das imaxes máis coñecidas da cidade. Desde aquí podemos facer un percorrido ata a praza de María Pita, a cidade vella ou o **Paseo do Parrote** ata o **Castelo de San Antón** que acolle o Museo Arqueolóxico. Desde A Mariña, polo túnel de María Pita seguimos as indicacións ao Castelo de San Antón, onde podemos visitar o museo, ter unha vista completa da cidade e do porto ou subir aos Xardíns de San Carlos. Continuamos pola estrada máis achegada ao mar e pasamos a carón da **praia de Santo Amaro** e da **punta Durmideiras** ata chegar ao Campo da Torre para contemplar e visitar a **Torre de Hércules** e as instalacións escultóricas que hai por toda a zona. Continuamos a carón da costa e pasamos preto da **praia de Lapas** ou A Lagoa e chegamos ao aparcamento do **Aquarium Finisterrae**, onde podemos facer unha parada para visitalo, ou para contemplar a fachada ao mar aberto da cidade, coas praias do Orzán e Riazor, que poderemos gozar en toda a súa extensión desde a **punta do Orzán**. Rodeamos a enseada do Orzán pasando ao pé das **puntas Cortadas** (onde está o Obelisco) e **Mexillosa** ata achegarnos ao pé do monte de San Pedro, onde podemos facer unha parada para contemplar as vistas. Seguindo a carón da costa iremos pasando polas **puntas Pena Boa e Paredes**, coa **illa Zambela**, fronte ás **illas de San Pedro**, e chegaremos ao **portiño e praia de San Pedro de Visma**; un pouco máis adiante a **illa Redonda** e a **praia de Bens** onde remata o percorrido e, un pouco máis adiante a costa que cae do monte Castelo, fin do territorio costeiro da Coruña. Para completar a viaxe sería interesante subir ao alto do **monte de San Pedro**, que conserva restos dunha batería costeira e desde o que hai unhas espectaculares vistas da costa.

1-Vista desde o Hospital Teresa Herrera da boca da ría do Burgo entre As Xuvias e a Praia de Santa Cristina (Oleiros).

A Ría da Coruña é unha ría curta e ampla, que se abre entre a punta de Mera e a Punta Herminia, cunha lonxitude total de 14 km, dos que case a metade corresponden á chamada ría do Burgo formada polo esteiro do Mero, o río principal que está separada da parte máis ancha pola frecha de Santa Cristina. Ten un perfil recortado con varias enseadas e numerosas praias. É unha ría densamente poboada e dunha gran actividade industrial e turística.



2-Ría do Burgo e A Pasaxe, no comezo do concello da Coruña





4-Praia de Oza, no interior da ría da Coruña, unha praia moi abrigada e concurrida.



5-Dársena de Oza, na que se abriga a maior parte da flota pesqueira da Coruña.



6-Porto da Coruña



7-A Mariña, a imaxe máis retratada da Coruña.



8-Castelo de San Antón. Acolle un pequeño faro e o Museo Arqueolóxico da Coruña.



9-Porto deportivo e e Torre de Control Marítimo



10-Praia de Santo Amaro



Praia de Durmideiras



11-Punta Durmideiras. Nas proximidades, cara ao interior da ría na enseada dos Pelamios, atópase a furna das Sereas ou da Sereiña onde, segundo conta a tradición, cantan as sereas e atraen fatalmente aos mariñeiros facéndoos naufragar.



12-Punta Pragueira.



14-O Acaroado



Grupos escultóricos na punta Pragueira



15-O Altar



16-Punta Herminia

Jerónimo del Hoyo, nas súas Memorias do Arzobispado de Santiago (século XVII) relata varios casos de homes mariños das rías coruñesas. Conta que nunha das praias da Coruña viron peixes con figura de homes, coas máns e pés un pouco tortos por andaren sempre nadando a xeito de ra, con espiñas negras moi delgadas na cabeza, peito e costas. Segundo os mariñeiros a súa presenza era amigable, presaxiaba moita pesca e había que darlles pan. Ás veces van a terra para teren relación coas mulleres e deles nace un neno humano con algunha escama e moita inclinación pola auga.



17-Punta Robaleira e



A Galera



18-Punta Eiras e Torre de Hércules.

A Torre de Hércules foi construída como faro polos romanos e máis tarde reformada. Na actualidade segue en funcionamento. Pódese visitar e subir á torre desde onde hai unhas vistas espectaculares.



Punta Eiras e illotes Boi Grande e Pequeno



20-Punta Eiras (cara sur)



20-Praia da Lagoa (Lapas)



21-Punta de Orzán. Aquarium Finisterrae



Vista da enseada de Orzán desde a punta de Orzán co monte de San Pedro ao fondo



22-Praia do Matadoiro



Enseada de Orzán




As praias de Orzán (700 m de lonxitude) e Riazor (710 m) están situadas en pleno centro da cidade e son das máis concurridas de Galicia.



23-Praia de Orzán



24-Praia de Riazor



25-Punta das Cortadas e Millenium



26-Punta Mexillosa



Vista de enseada do Orzán desde a punta das Cortadas



27-O Cabalo



28-Punta Pena Boa


Monte de San Pedro



Vista da enseada de Orzán desde o monte de San Pedro. No primeiro plano as puntas Mexillosa e das Cortadas e ao fondo a Punta Eiras coa Torre de Hércules



30-O Carreiro entre as Illas de San Pedro e a costa



31-Illas de San Pedro (Aguión, Tres Illas, Pé e Vendaval)




29-Punta Paredes. Illa A Zambela



32-O Portiño de San Pedro de Visma. Un fermoso recanto onde descansan e se abrigan unhas poucas pequenas embarcacións coas que navegan e



Praia de San Pedro de Visma



33-A Moa



34-Illa Redonda



35-Punta do Burro. Monte Picoto



36-Praia de Bens



37-Monte dos Castelos (Nostián), ao fondo á dereita